

Convocatoria da sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación do xoves 14 de novembro de 2024

CONSIDERANDO que ao departamento de intervención debido a carga de expedientes, non foi posible telos rematados para convocar pleno extraordinario, sendo necesaria a tramitación urxente de ditos expedientes para que entren en vigor neste exercicio.

E en aplicación do previsto nos artigos 79 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e en uso das competencias que me atribúe o artigo 21,1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación.

Data: xoves 14 de novembro de 2024
Hora: 20:00
Lugar: SALON DE PLENOS DO CONCELLO

ORDE DO DÍA:

1. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022
2. DACIÓN DE CONTA AO PLENO SOBRE OS RESULTADOS OBTIDOS DO CONTROL DAS CONTAS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA EN 2023
3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO SOBRE O RESULTADO DO CONTROL INTERNO EN 2023. ICI 2023.
4. DACIÓN DE CONTA DE ACORDOS CONTRARIOS A INFORMES DE INTERVENCIÓN E OUTROS DE 2023
5. APROBAR INICIALMENTE O CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/2024, PARA A DOTACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTOS REALIZADOS EN EXERCICIOS ANTERIORES
6. APROBAR INICIALMENTE O SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2024 PARA GASTOS DIVERSOS DO EXERCICIO 2024

2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, remitíndolles unha copia das actas e dos expedientes que conforman a orde do día, facéndolles saber que, de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 680.120 exp. 2024/G010/000017

pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.